

CUADRANTE



*UN RETRATO DE VALLE-INCLÁN A TRAVÉS DE DOS
ENTREVISTAS OLVIDADAS (1921-1925)*

VALLE-INCLÁN E O DISCURSO HISTÓRICO MURGUIANO

DOS MIRADAS RECIENTES SOBRE VALLE-INCLÁN DESDE EE.UU.

SOBRE O VIÑO E OUTROS EXCITANTES EN VALLE

TEXTOS RECUPERADOS

HISPANIDAD DE VALLE-INCLÁN

Nº 13


Amigos
Valle Inclán

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

Medalla de honra de ADE 2006
(Asociación de Directores de Escena de España)

*UN RETRATO DE VALLE-INCLÁN A TRAVÉS DE DOS
ENTREVISTAS OLVIDADAS (1921-1925)*

VALLE-INCLÁN E O DISCURSO HISTÓRICO MURGUIANO

DOS MIRADAS RECIENTES SOBRE VALLE-INCLÁN DESDE EE.UU.

SOBRE O VIÑO E OUTROS EXCITANTES EN VALLE

TEXTOS RECUPERADOS

HISPANIDAD DE VALLE-INCLÁN

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
www.amigosdevalle.com
Agosto 2006

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de redacción:

Víctor Viana

Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:

Nieves Loperena

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

SUMARIO:

Javier Serrano Alonso

Un retrato de Valle-Inclán a través de dos entrevistas olvidadas (1921-1925)..... páx. 5

Francisco X. Charlín

Valle-Inclán e o discurso histórico Murguiano (I) páx. 27

Jesús Blanco García

Dos miradas recientes sobre Valle-Inclán desde EE. UU. páx. 51

Xavier Castro

Sobre o viño e outros excitantes en Valle páx. 65

TEXTOS RECUPERADOS

Rafael Dieste

Hispanidad de Valle-Inclán páx. 81

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



SOBRE O VIÑO E OUTROS EXCITANTES EN VALLE

Xavier Castro

Universidade de Santiago de Compostela

VALLE-INCLÁN, UN BEBEDOR MODERADO

En relación coa bebida e os xantares, a documentación disponible sobre Valle-Inclán debuxa, en termos xerais, un perfil de moderación nos seus usos e costumes. Semella que a Valle-Inclán nunca se lle puido adxudicar con propiedade o estereotipo do descomedido, ou «bala perdida», como se dicía usualmente non hai moitos anos. Estudante de mediana aplicación, non especialmente brillante, tanto no bacharelato como na Universidade compostelá, de feito colleitou unha apreciable bagaxe de suspensos no seu expediente académico¹. Garda nisto certa semellanza con Pío Baroja: mediocre alumno tamén, a quen un severo profesor vaticinoulle, a xeito de profética sentenza: «Señor Baroja, usted nunca será nadie». «E, efectivamente —apuntaba don Pío nas súas memorias—, nunca cheguei a ser ninguén». Pero o que máis interesa salienta aquí é o feito de que Valle-Inclán fora un estudante relativamente normal, nin «empollón y modosito», nin un esmorgante dado ás xoldas e serenatas, como os que se describen en *La Casa de la Troya*, de Pérez Lugín. Aínda que

non temos datos concluíntes ó respecto, si existen indicios de que acostumaba frecuentar as tabernas, e por supostos os cafés, polo que é posible conxecturar que o máis probable é que teña sido un mediano catador de viños. Ademais, isto é o que máis asisadamente se acomoda a dito perfil estudantil, e garda tamén maior coherencia coa súa práctica de inxesta alcólica nas restantes etapas da súa biografía.

Cando o xoven escritor de Vilanova se traslada a Madrid e comeza a dar os seus primeiros pasos na ardua carreira literaria, bebía alcohol, pero non existe ningún testemuño que mencione que o fixera de xeito desmedido. Se bebera moito, e adoitara estar como o seu personaxe Max Estrella, con frecuencia «iluminado», o feito tería dado pé sen dúbida á forxa dalgunhas anécdotas que tanto proliferaron sobre as súas peculiaridades, xentil figura e catadura. Nada disto indica a revisión das principais colectáneas de anécdotas referidas ó *excéntrico cidadán e escritor* —como dixera del o ditador Primo de Rivera—, entre as que ocupa un lugar salientable a obra que lle dedicou ó escritor Ramón Gómez de la Serna². Ago-

¹ E. R.: «El estudiante Valle-Inclán», *Cuadrante*, N° 0, Vilanova de Arousa, 2000, p. 40.

² Ramón Gómez de la Serna: *Don Ramón María del Valle-Inclán*, Espasa-Calpe (Col. Austral), Madrid, 3ª ed. 1959 (1ª ed. 1944).

ra ben, é perfectamente posible que o ambiente, nidiamente etílico, das luces de bohemia, no que tivo que desenvolverse o levára a aumentar levemente de xeito ocasional —ou, se cadra, algo máis— a nota alcólica. Non era posible —casque non era concebible— facer a *turné* polas tertulias dos cafés e tabernas, sen tomar café e beber viño e alcois ben máis recios, a falla da mítica absentista de Rimbaud, Verlaine e outros cultivadores do malditismo. Podería acaso ter sucedido isto por mímesa e contaxio con aquel mundo de artistas buscavidas e sablistas do que con tanto desapego escribiron Pío Baroja, Pérez de Ayala³ e Cansinos-Asséns, quen o deixou ben patente en *La novela de un literato*. Agora ben, Valle-Inclán sentiuse achegado á bohemia vangardista dos modernistas, nomeadamente próximo ó seu admirado —e, este si, fastuoso bebedor— Rubén Darío, pero en don Ramón había bastante máis de propensión o afidalgamento con puxos de *dandy*, que de descoidado e estrafalario bohemio, ó xeito do escritor que lle serviu de modelo para o personaxe de Max Estrella: Alejandro Sawa. Ben entendido: o dandismo esteticista do autor das *Sonatas* produciuse conforme o patrón e á *manière* da cofradía na que profesaban Oscar Wilde ou Baudelaire.

Existe un testemuño que pode resultar revelador. Refírese a época de áspera

³ Resulta de gran interés o retablo da vida bohemia de Madrid que tracexa Ramón Gómez de la Serna, no momento no que os modernistas empezaron a abrirse paso na sociedade literaria a comezos do século vinte, en: *Troteras y danzaderas*, Clásicos Castalia, Madrid, 1972. (Editada por vez primeira en 1913)

pobreza e vida de bufarda, antes de casar o escritor de Vilanova coa actriz Josefina Blanco, instalarse nunha comfortable vivenda, tornarse máis produtivo como escritor (a súa dona lle axudaba a disciplinarse impoñéndolle cariñosamente a escritura dun certo número de cuartillas cada día, ademais de pasarllas logo a máquina, etc.) Daquela, puido facer unha vida máis sosegada e de ningún xeito bohemia. Foi o caso que, nunha ocasión, acudiu a visitalo á súa casa o moi escandalizable Juan Ramón Jiménez, tan alto poeta como infatigable e maledicente cutifeiro (estrañamente puritano, esa era outra das súas manías: consideraba que un escritor quedaba descualificado por frecuentar ás tertulias de café). Ía na compañía do poeta Villaespesa. Deste xeito describiu o panorama que tivo ocasión de presenciar: «Todo el ambiente es sucio. Hay licores de todas clases. Allí había varias personalidades intelectuales, entre ellas Rubén Darío, perdido por el alcohol. (...) Todos repiten «*¡admirable!*», palabra alta de la época; «*¡imbécil!*», la palabra baja. Así se hizo la crítica modernista. Por ejemplo: Rubén Darío: admirable; Echegaray, imbecil»⁴. Constátase que en medio de tal cafarnaum —como gustaría de apostillar Josep Pla—, non hai a máis mínima alusión a posibles excesos de Valle-Inclán. De ter visto o poeta de Moguer a don Ramón ebrío a ben seguro que non tería desaproveitado a oportunidade de críticoalo.

⁴ Transcripción dunha conferencia de Juan Ramón Jiménez, cit. por Ramón Gómez de la Serna: *Don Ramón María del Valle-Inclán*, Op. cit., p. 77.

Como xa deixamos apuntado, cando Valle-Inclán puido, ó cabo, saber o que era un fogar, abandonou a vestimenta bohemia e o pelo longo, para transformarse nun cabaleiro ben vestido e ben peitado, tal e como quedou plasmado nos retratos realizados polo pintor, e moi bo amigo seu, Anselmo Miguel Nieto⁵. Pola súa banda, Luís Ruíz Contreras fai a seguinte puntualización nas súas *Memorias*: «(...) nunca pertenció a la clase de los llamados bohemios (...) Valle-Inclán fue siempre (...) un aislado entre todos (...) y tuvo siempre un hogar propio (...) fue ordenada su vida íntima (...) pagaba puntualmente la mensualidad de la casa, la retribución a la portera (que le atendía) y sus provisiones: un litro de alcohol, un kilo de azúcar, y un paquete de té»⁶. Neste mesmo senso, Antonio Machado afirmaba que: «Nunca fue Don Ramón, ni aún en los tiempos de su mayor penuria, un bohemio a la manera desgarrada, maloliente y alcohólica de su tiempo. Don Ramón no bebía más que agua, sin presumir de abstemio (él sabía muy bien que la mera carencia de vicios no supone virtud), sin que su *sequedad* le inclinase a eludir el trato con los *húmedos*, cuando los *húmedos*, como el gran Rubén Darío, tenían talento (...) nadie llevó la pobreza y la mala fortuna del literato español, con mayor dignidad y más carencia de toda mendiguez que nuestro Don Ramón»⁷.

⁵ Robert Lima: *Valle-Inclán. El teatro de su vida*, Nigra/Consortio de Santiago, Vigo, 1995, p. 150.

⁶ Luís Ruíz Contreras: *Memorias de un desmemoriado*, Aguilar, Madrid, 1961, pp. 200-201.

⁷ Antonio Machado: prólogo al libro de Valle-Inclán: *La corte de los milagros*, Nuestro Pueblo, Madrid-Barcelona, 1938, p. 9.

Temos, polo demais, unha evidencia de Valle-Inclán en calidade de bebedor de viño, suxeito a unha pauta nada inmoderada nin escandalosa, aportada por Ramón Gómez de la Serna. O autor da greguerías gustaba da compañía, tanto na tertulia do Pombo como por doqueira, de persoas que «no me gastan la vida sino que me la ensanchan». Escritor laborioso e incorrizable grafómano como era, poucas cousas detestaba máis que perder o tempo. Aínda máis: tentaba de aproveitar ben calquera momento; ser, nas súas palabras: «traperero del tiempo». Lembraba o autor da *Automoribundia* que, no devalar do primeiro decenio e pico do novecentos, acudira na grata compañía de Valle-Inclán a algúns *figones* madrileños. Víñanselle entón as *mientes* as verbas da Celestina, para quen: «No hay cosa más dulce ni más graciosa al muy cansado que el mesón». Se cadra, foi de camiño cara un destes por unha beirarrúa estreita, cando se encontrou de fronte cun avinagrado detractor que se lle plantou diante e espetoulle o seguinte: «Yo no cedo el paso a un botarate como usted». E Valle, moi cumprimenteiro, baixou da beirarrúa e movendo o brazo cun irónico aceno concesivo, retrucou: «pues yo sí». Gómez de la Serna non esquece consignar que Valle sabía gozar en tales figóns de: «los condumios de la pobreza». Deste xeito, celebraban neles: «fiestas de poco coste, pero de lograda cordialidad, independencia y risa libre»⁸, que mercé á «abnegación del escritor» foron fermosas e encheron

⁸ Ramón Gómez de la Serna: *Op. cit.*, p. 102.

non só a alma senón tamén a andorga. Creábase así un clima de grata cordialidade, ata o punto de que: «Yo le he visto a don Ramón temblar de gozo y sentirse entronada en alguno de esos chamizos cuya succulencia era más inventada por nosotros que verídica»⁹. E engade unha interesante precisión, sinalando que nun deles, de modestísima categoría, tomaron: entremeses, asado e «vino de pura sangre»¹⁰.

Máis moderada aínda debeu ser a afección de Valle-Inclán polo viño na etapa de home casado e xa consagrado como artista. Semella que os seu fillos o adoraban, pois foi con eles un pai atento e mesmo cariñoso, dun xeito moi pouco usual para o que era o patrón dun proxenitor da época; neste senso, foi un dos que anticiparon o modelo de paternidade actual. Un testemuño referido ós seus fillos refería que: «Ellos no recuerdan ningún abrenuncio de su padre, pues no abusaba del vino ni de los licores, y sólo una vez volvió a casa un tanto raro y lo notaron porque llegó riéndose, cuando él sólo se sonreía, y llamó a Josefina, *Josefinita*»¹¹.

Tampouco se debeu sentir tentado por refuxiarse no ensono de Baco cando se divorciou da muller, e a súa economía pasou por momentos delicados ou mesmo críticos. É ben sabido que en tales etapas de desacougo e desorde non son poucos os homes que incrementan sensiblemente a súa inxesta de alcohol. Os problemas de

saúde que padecía —a súa crónica mala saúde de ferro, que o deixaba postrado indefectiblemente no leito durante longas tempadas— non llo terían deixado facer, aínda no hipotético caso de que chegara a ter tal tentación.

Pero, dende logo, debía de seguir tomando viño de cando en vez. ¿Probas? Nunha entrevista que lle fan cando regresa de Roma, menciona os xenerosos viños italianos¹². Se supón que os tería probado. Non aproveita a ocasión para dicir que non sabía de viños. Nin tampouco se declarou en tal ocasión, nin endexamais, abstemio. Poucas dúbidas pode haber de que, de ser certo, non tería reparo ningún en proclamalo. Sábese tamén que, de cando en cando, Don Ramón tomaba algún que outro vermut¹³ e gustaba tamén da horchata como refresco estival¹⁴.

Existen, polo demais, indicios que parecen probar que Valle-Inclán era austero comendo e bebendo. Practicaba mesmo o xaxún, de cando en cando. Abusaba en cambio do café e do tabaco. E non lle tiña noxo ningún o haxix. Na sobriedade no comer e no beber aproximábase a Unamuno, e ambos diferían do epicureísmo de Rubén Darío. Non practicaba pois os excesos, pero os desculpaba, con talante liberal. De xeito particu-

⁹ *Ibidem*, p. 102.

¹⁰ *Ibidem*, p. 101.

¹¹ *Ibidem*, p. 115.

¹² «Al regresar de Roma». Entrevista realizada a Ramón María del Valle-Inclán. Publicada en *El Sol*, Madrid, 11 de noviembre de 1934. Reproducida en *Ramón María del Valle-Inclán: Entrevistas*, Alianza (Edición al cuidado de Joaquín del Valle-Inclán), Madrid, 2000, p. 435.

¹³ Ramón Gómez de la Serna: Op. cit., p. 96.

¹⁴ *Ibidem*, p. 97.

lar, cando os proclives a tales licencias eran persoas dotadas de talento. Nunha ocasión, Unamuno proclamou que Rubén Darío conservaba aínda na cabeza as plumas de salvaxe que lle servían para escribir. Cando lle foron co conto a Rubén no café, apurou outra copa de alcohol para aliviar o mal trago, pero non deixou que o rancor lle envelenara o corazón. En proba delo, decidiu enviar a *La Nación*, de Buenos Aires, o artigo que viña de escribir loando unha obra de Unamuno¹⁵. Por motivos como este, Valle-Inclán defendía a Darío a capa e espada. E desculpáballe os seus vicios, sabendo que era lambón, bebedor e luxurioso. Todos estes non eran, ó cabo, senón pecados da carne. En cambio, Rubén era bo, humilde e leal. É, dicir, san de espírito; e isto era o primordial. Unamuno, en cambio, era todo o contrario, tanto no bo como no malo. Cando Darío faleceu, a Valle-Inclán semelloulle que, morta a súa carne, a súa ánima voaría limpamente cara ó ceo. A de Unamuno, xa se vería¹⁶.

VALLE-INCLÁN: ALCOHOLES, HAXIX E A CREACIÓN

Os creadores que utilizaron o alcohol para despertar a imaxinación e atenuar o estres que provocaba nas súas vidas a

consagración irrestricta á creación, artística ou literaria, conforman unha rexa tradición¹⁷. Seguindo o ronsel de Edgar Allan Poe fixo Baudelaire a súa apelación ó *enivrez-vous*, que non dubidaron en aplicar os integrantes da *Lost Generation* en América, a bohemia española modernista, e proverbialmente a Xeración dos 50, tanto na vertente catalana (Carlos Barral, Gil de Biedma) como na madrileña (Juan Benet, Ángel González). Forman lexión os creadores que, nos distintos ámbitos, encontraron no alcohol un expediente propicio: así, Igorr Stravinsky, compositor afeito a encontrar no trago inspiración para as súas partituras, que, próximo a cumprir os oitenta anos, tomaba aínda whisky, porque pensaba que lle facía ben: «me dilata las arterias, que es lo que necesito a mi edad», dicía. Graham Green, non dubidaría de certo en suscribir tal afirmación. E tampouco Josep Pla, quen dificilmente podería ter trazado unha obra tan relevante e extensa sen o concurso do alcohol (*whisky*, en canto puido permitirse o gasto, fuxindo dos coñacs *mataratas*) en comandita co café e o tabaco. E, asemade, Luís Buñuel, quen declaraba que non se consideraba un alcohólico, pero durante «toda mi vida ha habido veces en las que he bebido hasta caerme»¹⁸. Co paso dos anos foi idealizando tales borracheiras, moitas das cales

¹⁵ Domingo García Sabell: «Valle-Inclán y las anécdotas», *Revista de Occidente*, Año 4, nº 44-45 (1966), p. 320.

¹⁶ Entrevista realizada a Ramón María del Valle-Inclán. Publicada en *Diario de la Marina*, La Habana, 12 de setembro de 1921. Reproducida en *Ramón María del Valle-Inclán: Entrevistas*, Alianza (Edición al cuidado de Joaquín del Valle-Inclán), Madrid, 2000, p. 121.

¹⁷ Cfr. Alberto Caltoldi: *Historia de las letras drogadas*, Anaya & Mario Muchnick, Madrid, 1997. Resulta tamén de interés a obra de Stuart Walton: *Colocados. Una historia cultural de la intoxicación*, Alba, Barcelona, 2003.

¹⁸ Luis Buñuel: *Mi último suspiro*, Plaza y Janés, Ed., 6ª ed., Barcelona, 1987, p. 56

—moito nos tememos— terían sido mestas, con pesarosa secuela de resaca; pero Buñuel non dubidaba en ofrecer unha visión moi positiva da súa experiencia de beber: «(...) casi siempre se trata de un ritual delicado que no te lleva a la auténtica borrachera, sino a una especie de beatitud, de tranquilo bienestar»¹⁹. Ese grato estado: «Es algo que me ayuda a vivir y a trabajar» —recoñecía. (E o alcohol valeulle tamén, por certo, para vencer ó medo á hora de subir ó avión: cunha copa de xenebra deixaba solventado o asunto).

Pois ben, Valle-Inclán non pertenceu a esta categoría de teimudos bebedores. Opinaba que o alcohol era o excitante máis nocivo para o equilibrio mental, e receaba ademais das consecuencias de tal inxesta²⁰. Prefería recorrer o café, o tabaco, e mesmo en determinadas ocasións os derivados do *cannabis*, como xa indicamos. Foi un partidario decidido do emprego da marihuana á que se afeccionou non se sabe ben se en México ou cando retornou a España²¹. Recoñecía que tomara o haxix por recomendación médica para a doenza que padecía. Franqueouse sobre esta cuestión nunha con-

ferencia que dedicou á temática de «Los excitantes», na que confesou que o tiña tomado «en abundancia», sen saber moi ben cales eran as súas consecuencias, e por prescripción médica»²². Ademais, por mediación do haxix (algunhas veces, menciona tamén a marihuana) lograra explorar os recunchos da súa conciencia²³. Detallaba cales foran os seus efectos na súa percepción: «Comencé por ver en las cosas condiciones nuevas: como se creaba una desarmonía y otras veces una afinidad quimérica. Algo que podía decirse «la armonía de los contrarios»... Luego todas las cosas adquirirían para mí un prestigio de misterio como los ruidos de la noche, mis recuerdos volvían a la infancia y establecí semejanzas extrañas como la de una flor a una colina»²⁴. Agora ben, a droga tamén activaba as súas pantasma, «Y este fenómeno fué el que me decidió a abandonar el haschisch». En efecto, en tales alucinacións, as persoas falecidas desfilaban pola súa memoria como se fora unha cinta cinematográfica²⁵. Porén, convén precisar que, a pesar de esta proclama de renuncia á marihuana, en realidade continuou empregando esta sustancia de xeito periódico. De maneira particular, tomouna para encontrar un pouco de calma, cando xa se encontraba

¹⁹ *Ibidem*, p. 57

²⁰ Literalmente: «(...) y entre los perjudiciales, como el más nocivo para el equilibrio mental y de las manifestaciones más ingratas por la forma de sus consecuencias, el alcohol». En «Conferencia de Valle-Inclán. Los excitantes en la literatura. Peligros y ventajas» (Conferencia de Valle-Inclán pronunciada en Buenos Aires el 29 de junio de 1910 (Javier y Joaquín del Valle-Inclán: (Comps.): *Ramón María del Valle-Inclán. Entrevistas, conferencias y cartas*, Pre-Textos, Valencia, 1994, p. 39.

²¹ Robert Lima: *Valle-Inclán. El teatro de su vida*, Nigra/Consortio de Santiago, Vigo, 1995, p. 60.

²² *Ibidem*, p. 62.

²³ «Conferencia de Valle-Inclán. Los excitantes en la literatura. Peligros y ventajas» (Conferencia de Valle-Inclán pronunciada en Buenos Aires el 29 de junio de 1910 (Javier y Joaquín del Valle-Inclán: (Comps.): *Ramón María del Valle-Inclán. Entrevistas, conferencias y cartas*, Op. cit., p. 40.

²⁴ Robert Lima: *Valle-Inclán. El teatro de su vida*, Op. cit., p. 62.

²⁵ *Ibidem*, p. 62.

seriamente doente, ó remate da súa existencia²⁶.

Polo demais, non parece que valorara esta droga en calidade de estímulo creativo. De feito, a situaba entre os excitantes prexudiciais dende o punto de vista da literatura, «por su fondo íntimo»²⁷. No prólogo a *La media noche* xa manifestou certa decepción sobre «los efluvios maravillosos de la droga índica»²⁸, que non acababan de darlle a visión que agardaba.

Curiosamente, confiaba Don Ramón no xaxún para chegar «a la exaltación psicológica, al examen interno y sutil de las emociones»²⁹. Pensaba que con esta privación se conseguía tamén a exaltación do espírito, polo que viña a obrar como un estímulo para a creación literaria³⁰.

SAUDADES DA ALMA

En certo xeito, Valle-Inclán foi un emigrante galego en Madrid. En tal situación, os galegos acostumaban a sentir saudade do seu país, e a botar de me-

²⁶ *Ibidem*, p. 62.

²⁷ «Conferencia de Valle-Inclán. Los excitantes en la literatura. Peligros y ventajas» (Conferencia de Valle-Inclán pronunciada en Buenos Aires el 29 de junio de 1910 (Javier y Joaquín del Valle-Inclán: (Comps.): *Ramón María del Valle-Inclán. Entrevistas, conferencias y cartas, Op. cit.*, p. 39.

²⁸ Robert Lima: *Op. cit.*, pp. 61-62.

²⁹ «Conferencia de Valle-Inclán. Los excitantes en la literatura. Peligros y ventajas» (Conferencia de Valle-Inclán pronunciada en Buenos Aires el 29 de junio de 1910 (Javier y Joaquín del Valle-Inclán: (Comps.): *Ramón María del Valle-Inclán. Entrevistas, conferencias y cartas, Pre-Textos, Valencia, 1994*, p. 39.

³⁰ «Conferencia de Valle-Inclán. Los excitantes en la literatura. Peligros y ventajas», xa cit., p. 39.

nos —ademais dos ríos, as fontes, os regatos pequenos, e a vista dos seus ollos— os xantares enxebres e os viños da terra. ¿Tería experimentado este sentimento o escritor de Vilanova en relación cos froitos da Terra? Non o podemos saber con completa certidume. Pero algo é posible indicar. Saudoso era, como o deixa patente na carta que lle remite a Murguía dende Veracruz, na que menciona: «(...) el amor de la tierra, que, en forma de hondísima saudade, sentimos acá, en América, los que como una herencia sagrada, conservamos al través de los siglos, un dejo de celtismo, que nos hace amar los robles carcomidos y las rocas vetustas de nuestras gándaras»³¹.

Pódese conxecturar que mantería a súa fidelidade ós alimentos que se afixera a comer de neno, ós sabores da infancia (pois tales afeccións cambian máis dificilmente que a ideoloxía ou o credo relixioso), que entre o común dos galegos adoita ser o caldo, os chourizos ou algún derivado do ilustre porco... e non poucas veces o viña da terra, do Ribeiro —representativo entón da identidade galega, como nas últimas décadas adoita ser o albariño— ou a caña. Pero, en verdade, non semella que Valle-Inclán tivese moito interés nesta cuestión. Existe unha proba en negativo: que eu teña noticia, nunca aproveitou para mencionar este asunto nas moitas oportunidades que lle brindaron as numerosísimas entrevistas que lle realizaron os xornalistas a través

³¹ Ramón del Valle-Inclán y Bermudez; Ramón del Valle-Inclán y Peña: *Cartas eruditas e literarias a Murguía*, Edición do Castro, (Sada) A Coruña, 2000, p. 69.

da súa vida, nas que tivo ocasión de comentar toda sorte de cuestións. É posible aducir tamén outra proba de moi diferente signo, en positivo, que podería revelar en aparencia o contrario: nas *Comedias Bárbaras* son moi abundosas as referencias relacionadas coa cultura do viño na comarca do Salnés. Poderíanse interpretar tales alusións como mostras de interés gastronómico e enolóxico, pero seméllanos máis asinado pensar que as mencións vinícolas non son outra cousa que meras referencias, desprovistas doutra significación alén da de servir de complemento ó repertorio de aspectos que configuran o cadro da vida e as prácticas sociais das xentes que pretendeu retratar, de xeito realista (no senso de verídico), aínda que de ningún xeito costumista.

Temos a impresión de que o viño non xogaba para Valle-Inclán un papel de alimento da alma, de *soul food*, como en cambio si lle acontecía a Cunqueiro cando habitaba en Madrid. E a tantos outros. Quizais para el tiñan máis forza evocadora outros aspectos da súa infancia e mocidade na terra do Salnés, que calaron moi fondo na súa conciencia e exerceron unha forte irradiación nunha parte da súa produción literaria. Aspectos tales como as palabras, por exemplo. Quizais non sexa baladí que titulase unha das súas obras «divinas palabras». Evidentemente, referíase en concreto as latinas, a linguaxe da Igrexa, e en certo modo «divinas», xa que logo. Pero tamén, por extensión, podería querer aludir tamén con tal epíteto ás palabras que lle servían de materia prima para a o labor de creación artística: as do

idioma castelán, do español de América, e do galego tamén, que el amalgamaba con particular sabiduría e orixinalidade. Temos constancia de que Valle-Inclán amaba as palabras; de que estas o engaiolaban. A súa obra de creación literaria, destila tal apego. E algún dato da súa biografía tamén parece demostralo, como axiña poderemos ollar. Ademais, pode resultar revelador que nas entrevistas cos xornalistas abordara as cuestións lingüísticas en moitas oportunidades. Incluída unha, con moito sentido do humor. Que foi cando declarou que un médico lle recomendara unha transfusión de sangue, pero se negaba a recibir a doazón que lle ofrecía un determinado escritor, porque «tiene la sangre llena de gerundios». Convén traer a colación agora unha anécdota biográfica, inédita ata este momento: nunha ocasión na que a familia residía en Cambados, Valle-Inclán invitou a comer a un neno que era amigo dos seus fillos. O escritor preguntoulle que era o que lle apetecía comer. Daquela, o cativo respondéralle: «Quero un cacho de pan»³². O neno quedou moi abraiado ó ver que aquel señor pasábase toda a comida comentando o termo «cacho»³³. A peripecia revela que era moi grande o seu interés polas palabras. En suma, que é moi posible que lle interesara máis a materia prima do idioma que as materias primas polas que adoitan sentir saudades a maioría dos mortais: os dons, ou froitos da terra.

³² Entrevista realizada por Xavier Castro á filla de Francisco Prada Padín. Efectuada en Cambados, o 31 de agosto de 2006.

³³ *Ibidem*.

Don da palabra que, por certo, Valle-Inclán recibiu con largueza extrema, e que puña de manifesto tanto na escrita como tamén cando falaba. A súa oratoria a todos semellaba moi rica e elocuente. Tiña moita gracia expresándose, e resultaba moi interesante o que dicía, por mor da súa extraordinaria cultura e inxenio. Os seus ouvintes quedaban marabillados. Tamén moitos dos periodistas que o foron entrevistar.

Ítem máis: nunha das súas conferencias exhortaba ó público a amar «las bellas y sonoras palabras». Sostiña que o fin supremo do artista era a procura da beleza que só resultaba posible alcanzar como un xeito de expresión individualizado, «cuya principal cualidad tiene que ser un estilo kinético que extraiga el máximo provecho del lenguaje». Ó que se conseguía mediante a inspiración, non coa laboriosidade, precisaba para desengano dos galeotes da literatura³⁴.

ALGÚNS COMENTARIOS ACERCA DA CUESTIÓN DO VIÑO NA OBRA DE VALLE-INCLÁN

Valle-Inclán menciona máis nas súas obras os viños tintos que os brancos, o cal reflicte a realidade do panorama enolóxico do seu tempo: os tintos eran moito máis abondosos e ben máis consumidos polos sectores populares. Coincide neste enfoque cun escritor coterrá-

neo seu: Francisco Camba³⁵. Valle-Inclán plasma acadamente a socioloxía do viño naquela hora: o señor —Don Juan Manuel Montenegro, por exemplo—, toma viño branco da súa colleita ou adquirido nalgunha acreditada comarca vitícola non moi distante —O Ribeiro, O Condado³⁶, etc.— como facían os ricos de entón. Pero, en cambio, recorre ó tinto para invitar a un pecheiro seu: un muiñeiro, poño por caso. Apunta moi ben tamén que os pobres adoitaban tomar o «vino agrio y la borona aceda»³⁷. Polo demais, as expresións literarias que emprega Valle para referirse as calidades dos viños, e dun xeito xeral a toda esta cultura, merecerían unha recolleita en escolma. Sirvan dous exemplos a guisa de ilustración disto: O Ciego de Gondar loa o viño branco de Amandi que acaba de probar, dicindo: «¡sabe a fresas!»³⁸. E tamén: —«¡Es canela!», exclama Mari-Gaila «después de gorjear una taza de vino tinto del Condado en la garganta»³⁹. Nalgunhas localidades galegas era costume botarlle ó viño mazáns *tabardillas* «a cocer» para darlle una sabor afroitado. Deste xeito, non é casualidade que encontremos en *Son de muiñeira*, este atribu-

³⁵ Pódese constatar isto, por vía de exemplo, en: Francisco Camba: *La revolución de Laiño*, Editorial Pueyo, Madrid, 1919, p. 126.

³⁶ Ramón del Valle-Inclán: *Comedias Bárbaras II. Águila de Blasón*, Espasa-Calpe (1ª ed. 1946), 10ª ed., Madrid, 1996, p. 72.

³⁷ Ramón Mª del Valle Inclán: «Divinas palabras», en *Obras Escogidas*, T. II, Aguilar, 5ª edic. Madrid, 1976, p. 1133.

³⁸ Ramón del Valle-Inclán: *Divinas palabras*, Op. cit., p. 1138.

³⁹ *Ibidem*.

³⁴ Robert Lima: *Op. cit.*, p. 180.

to do mosto: «El vino alegre huele a manzana / y tiene aquella color galana / que tiene la boca de una aldeana».

Non é doado encontrar nas súas obras alusións a unha clase de viño hoxe en auxe: o albariño. Debese isto a que noutrora non era o albariño o viño máis representativo do Salnés, senón o tinto espadeiro, o cal Ramón Cabanillas adica o seu coñecido poema; «A unha cunca de viño espadeiro». Valle-Inclán tiña moi claro que o albariño non era un viño de prestixio na segunda década do século vinte. Caamaño Bournacell⁴⁰ anota (e tamén se refire a isto Correa Calderón) que cando chegou á vila de Cambados, na que residiu varios anos⁴¹, e tivo que responder a unha *peña* de rapaces que lle deran a benvinda con grandes loanzas, obsequiounos cunha caixa de botellas de viño «de marca», segundo precisa o comentarista. Non parece que houbera daquela caldos etiquetados na Terra do Salnés, o que parece revelar que para facer un regalo que deixara quedar ben, non servían tales viños artesanais. Había que recorrer a viños de fora, que eran os axeitados para facer un presente.

Sinalemos en relación co que vimos de comentar, que foi na década de 1960, e nomeadamente na de 1970, cando empezaron a aparecer testemuños de recoñecemento das excelencias do albariño en obras literarias producidas alén de Galicia. Resulta, se cadra, significativo que dous dos principais xestos de recoñece-

mento procedan de escritores nados en Barcelona, cidade na que o albariño «Fefiñanes» obtivo un importante galardón, no ano 1929, que contribuíu a dar a coñecer este viño fora dos lindeiros do país galego⁴². O primeiro que encontramos, de gran relevancia polo prestixio e difusión que tivo esta obra, aparece en *Señas de identidade*, memorable novela de cuño autobiográfico da autoría de Juan Goytisolo, que apareceu publicada en 1966⁴³. Nela menciónase o viño albariño, precisamente de marca «Fefiñanes», que bebe o protagonista ó tempo de desensarillar o novelo das súas lembranzas. O outro testemuño podémolo dexergar ó comezo da novela de Vázquez Montalbán, *Tatuaje*, editada no ano 1986: o lector se encontra alí co inspector Pepe Carbalho que ten a ben nutrir as súas raíces galaicas tomando unha copa de «Fefiñanes»⁴⁴. Polo demais, Graham Green descubre tamén, no transcurso das súas viaxes, o engado do viño albariño e fainos saber a súa afección a beber este caldo.

Fagamos un breve excursio para contextualizar outra cuestión enolóxica presente na obra de Don Ramón. Referirémonos sucintamente a unha cuestión que se suscita no *Don Quijote*, de Cervantes. Sancho Panza, bon «*mojón*», é dicir, cata-

⁴¹ Victor Viana: «Valle-Inclán en Cambados», *Cuadrante*, nº 2, pp. 35-58.

⁴² M. Villaronga: «Especial. De Albariño a Rías Baixas», *La Voz de Galicia* (Ed. Arousa), 27-11-1998, p. 2.

⁴³ Juan Goytisolo: *Señas de identidad*, Seix Barral, 1980, (1ª ed. 1966) pp. 13, 41.

⁴⁴ Manuel Vázquez Montalbán: *Tatuaje*, Planeta, Barcelona, 7ª ed. 1991 (1ª ed. 1986), pp. 20-21.

⁴⁰ José Caamaño Bournacell: «Valle Inclán en Cambados», en *El Español*, Madrid 26 julio - 1 agosto 1953, pp. 28-29.

dor de viños, aparece nunha determinada pasaxe empinando a bota de viño que lle ofrece o escudeiro do Caballero del Bosque, e así estivo ollando as estrelas un bo carto de hora. Deu logo un grande salaio ó rematar e gaba a súa calidade, en forma irónica, dando a entender o contrario do que aparenta dicir: —«¡*Oh hideputa, bellaco, y cómo es católico!*»⁴⁵. Que está loando o viño, é incuestionable, como o da a entender o contexto da escea e, como, asemade advirte Francisco Rico, nunha nota ó pe, onde traduce a expresión de Sancho por: «qué bo estás»⁴⁶. O que non aclara, en cambio, o erudito cervantino, e non viría mal para a comprensión da frase, é qué diante quere dicir o semantema «y cómo es católico». Antes de tentar clarexalo, vexamos unha expresión de significación antitética en Valle-Inclán, igualmente misteriosa a primeira vista.

En efecto, nunha das Comedias Bárbaras, *Cara de Plata*, encontrámonos nun pobo cunha mesoneira que inquire a uns fidalgos que recalaran no local, qué clase de viño querían que lles servira, da terra ou ben do Ribeiro. Un deles, don Pedrito, respóndelle: «—Sea moro y sea del infierno»⁴⁷. A mesoneira, pola súa banda, precisalle na súa resposta que: «—Todo él es moro». Polo demais, tamén na obra de Pardo Bazán se encontran alusións ó tal viño «moro».

⁴⁵ Miguel de Cervantes: *Don Quijote de la Mancha*, RAE / Santillana, Madrid, 2004, Segunda parte, Cap. XIII, p. 643.

⁴⁶ Cfr. nota de Francisco Rico in Miguel de Cervantes: *Don Quijote de la Mancha*, Op. cit., Segunda parte, Cap. XIII, nota 44, p. 643.

⁴⁷ Ramón del Valle-Inclán: *Cara de Plata. Comedia Bárbara*, Espasa-Calpe (1ª ed. 1946), 5º ed., Madrid, 1980, p. 53.

Temos, así pois, plantexado nos clásicos da literatura o binomio, neboento en apariencia, viño «cristiano» / «moro». Sácanos de dúbidas o *Diccionario da Real Academia Española de la Lengua*, que contempla a acepción de «moro» nun senso figurado e familiar: sinala, en efecto, que: «Aplicase al vino que no está aguada, en contraposición al bautizado o aguada». É dicir, «bautizado» ou «cristiano», poderíamos engadir, pola nosa parte. Este uso de tales vocablos semella ter sido moeda corrente antano, como o confirma a súa plasmación nun dito popular, recollido no refraneiro de Francisco Rodríguez Marín: «Vino bautizado no vale un cornado; vino moro, plata y oro»⁴⁸.

Podemos aclarar moi ben agora a paradóxica *laudatio* feita por Sancho ó viño; semella querer dicir isto: que o viño en cuestión era bo (non «hideputa»), leal (non «bellaco»), e «moro», (non augado, «bautizado», ou «católico»). Ben entendido que, no que se refire ó fidalgo de Valle-Inclán, o que lle preocupa é ante todo a pureza do viño, que fose «moro», e non parecía importarlle, en cambio, gran cousa cal fora a súa procedencia.

VALLE-INCLÁN E A CUESTIÓN DA CORAIME (OU CORAMBRE, EN ESPAÑOL)

Algúns dos recipientes que se empregaban antano para gardar o viño pre-

⁴⁸ Francisco Rodríguez Marín: *Más de 21.000 refranes castellanos no contenidos en la copiosa colección del Maestro Gonzalo Correas. Allególos de la tradición oral y de sus lecturas durante más de medio siglo (1871-1926)*, Tip. de la «Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos», Madrid, 1926, p. 508.

sentaban non poucos inconvenientes. Rezaba un antigo proverbio que: «Cada bota cheira ó viño que ten»⁴⁹. Era esta unha verdade a medias que outro refrán, referido igualmente á bota de viño, encargábase de enmendar: «Achaque ó pelexo que sabe ó pez»⁵⁰. En efecto, a capa impermeabilizante, ou *pez*, que recubría interiormente a bota, como tamén o odre e o pelello, podía representar un problema: o de contaxiar ó viño co seu mal sabor. É tamén probable que se fixese máis grave este percance no verán por obra da calor intensa, ó quedar exposta a bota á acción das altas temperaturas solares. De feito, hai constancia da queixa de que tales recipientes de pel estaban «algunas veces tan dadas de pez, que se la ve sobrenadar en el vino, lo que lo hace insoportable para las personas no acostumbradas a ello»⁵¹.

Outro problema podía vir dado pola propia textura da bota, cando a pel empregada para a súa fabricación non tiña sido ben curtida. Cousa que distaba de ser infrecuente. Díciase en tal suposto que o viño collía o gusto do coiro da bota ou do pelello do odre. Adquiría «sabor a corambre». En *Cara de Plata*, un maragato, que se encontraba nunha feira do Salnés, ponderaba ós viños casteláns. Daquela, un fi-

dalgo co que traba conversa retrúcalle que tiñan o inconveniente do sabor a coraime. Pero isto non semellaba ser un defecto para o comerciante. Paga a pena reproducir o diálogo:

«El Maragato.—¡Buenos mostos, en Castilla!

Don Pedrito.—A los mostos castellanos los mata el gusto a corambre.

El Maragato.—No lo cuento yo como tacha»⁵².

A resolta actitude de Don Pedrito, teríalle encantado a Otero Pedrayo e a Vicente Risco, tan críticos ambos os dous cos maragatos, encarnación para eles do espírito filisteo e pedestre, da mentalidade mercantil. A esta caste de xente pertencía Don Celidonio, o protagonista de *O porco de pé*.

Xa para rematar, referirémonos a unha rotunda e brillante alusión de Valle-Inclán a correspondencia entre viños e pratos, complexa cuestión na que se entreveran segredos nexos, á maneira dun concerto pitagórico. Concretamente, en *Cara de Plata*, barruntaba unha teoría ó respecto o seminarista Don Farruquiño, que como tal lucía as perdurables divisas dos colexiais: tricornio e beca; velaquí o parlamento que pronuncia: «Cada vino reclama su sacramento. Rueda blanco, propio para acompañar una tortilla de chorizos. Espadeiro de Salnés, bueno para refrescar en el monte, o en una romería o en un

⁴⁹ Xesús Ferro Ruibal: *Refraneiro galego básico*, Galaxia (Biblioteca Básica), Vigo, 1987, p. 134.

⁵⁰ *Ibidem*, p. 134.

⁵¹ Joseph Townsend: *Journey through Spain in the years 1786 and 1787*, Printed for C. Dilly, in the Poultry, Vol. III, London, 1792, Cito por la traducción de José García Mercadal: *Viajes de extranjeros por España y Portugal. Desde los tiempos más remotos hasta comienzos del siglo XX*, Vol. VI, Junta de Castilla y León, Salamanca, 1999, p. 112

⁵² Ramón del Valle-Inclán: *Cara de Plata*, *Op. cit.*, pp. 53-54.

juego de bolos. Rivero de Avia, para las empanadas de lamprea y las magras de Lugo. Cada vino tiene su correspondencia en la vida, igual que todas las cosas. El

mundo es armonía y concierto pitagórico. ¡Y nadie me rebata, si no está ordenado de teólogo!»⁵³.

(Meiro-Albeiros, 20/9/2006)

⁵³ *Ibidem*, p. 54.




Casa - Museo
Ramón del Valle-Inclán

Rúa Luces de Bohemia
Vilanova de Arousa



CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA

REPSOL
YPF





**CAIXA
GALICIA**

Unha provincia que medra

Unha superficie de 7.876 quilómetros cadrados, case 700 quilómetros de litoral, máis de 1.100.000 habitantes, 94 concellos, configuran un espazo único. Desde a Deputación da Coruña compartimos contigo a *ilusión por seguir medrando.*



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P

5 €